



CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E ARAZENCA FARMACÉUTICA SPAIN, S.A. PARA A PROMOCIÓN DA CALIDADE DA ATENCIÓN SANITARIA, A MELLORA DOS RESULTADOS SANITARIOS, A INVESTIGACIÓN, O DIAGNÓSTICO DIFERENCIAL, A DIXITALIZACIÓN DO SISTEMA SANITARIO, O ACCESO Á INNOVACIÓN, A MEDICINA DE PRECISIÓN E A FORMACIÓN DE PROFESIONAIS E XESTORES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde asinou o día 18.03.2024 coa entidade Astrazeneca Farmacéutica Spain, S.A., o instrumento convencional arriba referido, que entrou en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e estará vixente por un período de catro anos, susceptible dunha prórroga adicional por dous anos mais.

Que o instrumento convencional ten por obxecto definir o alcance das relacións de colaboración entre os asinantes, para a promoción da calidade da asistencia sanitaria, a mellora dos resultados en saúde, a investigación, o diagnóstico diferencial, a dixitalización do sistema sanitario, o acceso á innovación, a medicina de precisión e a formación de profesionais e xestores.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, ten como un dos seus obxectivos a prevención e asistencia sanitaria. O seu propósito é promover, planificar, coordinar e avaliar as accións realizadas para mellorar o proceso de atención, e isto, coa implicación de todos os actores do sistema de saúde e do sistema social, co fin de establecer un marco de actuación integral.

Asemade, entre as funcións atribuídas ao Servizo Galego de Saúde figura a da promoción da docencia e a investigación en ciencias da saúde no eido dos centros, servizos e establecementos de saúde, así como o desenvolvemento de programas de calidade e mellora da práctica clínica e da xestión. Recentemente ten publicado a Estratexia de Oncoloxía de Precisión, cuxo obxectivo é a implantación racional e equitativa dunha oncoloxía de precisión nas sete áreas sanitarias. Para iso téñense establecido 17 liñas prioritarias para adaptar e transformar a organización aos retos que esixen as novas tecnoloxías e tratamentos oncolóxicos dirixidos.

A Consellería de Sanidade conta tamén coa Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, cuxa actividade principal é a docencia, a formación e a investigación na administración e xestión da saúde, sociosanitaria, saúde pública e asistencia sanitaria.

Astrazeneca, pola súa banda, é unha empresa farmacéutica global e innovadora, enfocada ao descubrimento, desenvolvemento e comercialización de medicamentos, principalmente para o tratamento de enfermidades en tres áreas terapéuticas: oncoloxía; cardiovascular, renal e metabolismo; e respiratoria e inmunoloxía.



Un dos seus obxectivos de innovación e investigación é traballar pola calidade de vida dos pacientes que padecen algunha enfermidade, ofrecendo produtos e servizos que axuden a mellorar a súa calidade de vida. Para iso pode adoptar e desenvolver actividades de investigación, formación e atención ao paciente, contando coa colaboración e o apoio científico, técnico e institucional de xestores de servizos sanitarios.

É por iso que as partes asinantes consideraron plasmar o seu compromiso de colaboración neste convenio marco, sendo necesario que os proxectos que se poidan materializar en desenvolvemento do mesmo sexan acordados mediante a formalización dos correspondentes convenios específicos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

